

guitarra eléctrica. Plenamente integrado na paisaxe musical francesa, o Conservatorio de Le Mans convidouno a dirixir o seu Programa de Jazz e Músicas Improvisadas en 2008. Na actualidade dirixe varios proxectos (collectivo ARK, TipTrick Extended, Manifesto), nos que participan músicos como Matthieu Donarier ou Stéphane Kerecki, e é guitarrista da Ensemble Offrandes. En 2015 estreará unha nova peza/*performance* para orquestra de guitarras eléctricas no Festival Europa d'Jazz de Le Mans.

Explorando as fronteiras entre composición, improvisación e música experimental, Santiago Quintans investiga as posibilidades da música moderna cunha mirada curiosa e inquieta. Fiel á guitarra eléctrica (proxecto ARK, para guitarra e Max/MSP), pero cunha visión precisa de compositor, Santiago sintetiza tradición e modernidade en arriscados proxectos aos que non lles falta sensualidade nin enerxía. As súas composicións para grupos de música contemporánea (Densité 93, Offrandes), compañías de danza (Babel) ou grupos de jazz, suxiren unha nova experiencia do fenómeno sonoro: a música como escultura en movemento, a escoita como xesto táctil e o espazo sonoro como zona de xogos aberta á improvisación. [www.babelscores.com/es/santiagoquintans](http://www.babelscores.com/es/santiagoquintans)

**Stefan Beyer. Alemaña, 1981.** Estudou Música, Historia e Composición en Leipzig e Gotemburgo. Asistiu á Universidade de Leipzig e, na mesma cidade, á Escola Superior de Música e Teatro Felix Mendelssohn Bartholdy, onde estudou Composición con Claus-Steffen Mahnkopf entre os anos 2006 e 2011. Obtivo o título de posgrao en Composición en maio de 2011.

A música de Beyer foi interpretada pola Ensemble Modern, a Sinfonietta de Luxemburgo, MAM - Manufaktur für Musik Aktuelle (Frankfurt), MDR Radio Percussion Quartet (Leipzig), a Orquestra Filarmónica de Altenburg-Gera, a Ensemble Musik & Gegenwart, a Leipzig Radio Symphony Wind Orchestra, en festivais como o Donaueschinger Music Festival Next Generation Program ou os Cursos de Verán de Novas Músicas de Darmstadt.

Recibiu bolsas da Fundación Alice e Harry Eiler (EUA) en 2014, da Fundación para a Cultura do Estado de Saxonia en 2012, da German National Academic Foundation (Studienstiftung des deutschen Volkes) en 2010-2011, da Fundación Konrad Adenauer de Berlín (Else-Heiliger-Fonds) en 2008 e dos Cursos de Verán de Darmstadt en 2008.

Vive en Berlín, escribe artigos de análise de música contemporánea para a revista *Musik & Ästhetik*, e traballou como profesor de orquestración na Universidade de Música de Leipzig entre 2011 e 2013. A súa tese de doutoramento en Musicoloxía trata sobre a obra orquestral *Lulu* de Alban Berg. <http://www.stefanbeyer.com>


## VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello *saxofón* / Celia Adrián *acordeón* / Carlos Méndez *contrabaixo* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / David Durán *piano* / Diego Ventoso *percusión* // *Dirección musical* Pablo Coello / *Dirección artística* Ramón Souto

[www.vertixesonora.net](http://www.vertixesonora.net)

**CGAC**  
CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán 2  
15703 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 546 623  
[cgac.actividades@xunta.es](mailto:cgac.actividades@xunta.es)  
[www.cgac.org](http://www.cgac.org)



## MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

### CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea

Martes, 16 de decembro de 2014

A entrada a todas as actividades é libre e gratuíta até completar a capacidade da sala.

### PROGRAMA

19:30 h VISITA Á EXPOSICIÓN DO CGAC CARLOS LEÓN.

*A ORDE DAS PRIMEIRAS COUSAS* con Ángel Cerviño e Alberto González-Alegre, comisarios da mostra que Vertixe Sonora tomou como referencia para elaborar o programa do concerto *Á marxe da realidade*.

20:00 h CAUSAL, CONVERSA CON RAMÓN SOUTO

Conversa con Ramón Souto —director artístico de Vertixe Sonora— e cos compositores Stefan Beyer, Michelle Lou e Santiago Quintans, que falarán da súa música e das pezas que compuxeron para este ciclo.

20:30 h CONCERTO Á MARXE DA REALIDADE

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

**Michelle Lou Cactus\*** (2014)  
*saxofón, guitarra eléctrica, piano*

**Lorenzo Troiani Cratere** (2014)  
*guitarra eléctrica*

**Andrés Nuño de Buen Nudo** (2014)  
*acordeón e cinta*

**Santiago Quintans Brushes\*** (2014)  
*saxofón e guitarra eléctrica*

**Stefan Beyer Mittel und Zwecke (Boulevard)\*\*** (2014)  
*saxofón, acordeón, contrabaixo, guitarra eléctrica, piano e percusión*

\*Estrea absoluta. Encarga de *Vertixe Sonora Ensemble*

\*\*Estrea absoluta. Encarga de *Vertixe Sonora Ensemble* financiada pola Fundación Ernst von Siemens

“É verdade que en Carlos León descubrimos unha (...) capacidade para traballar *á marxe da realidade*. De aí que desdibuxe e reconstrúa os límites da forma. Carlos León trasviste o sentido da realidade para que a leamos como metáfora, como declamación. É en definitiva un eloxio do efémero, unha beleza que se precipita no baleiro...”

David Barro, *Unha poética do fráxil*

“A xeometría fascíneme. En parte porque parece conter a linguaxe cifrada da arquitectura do universo. Tamén polo que adoito chamar a súa *vertente escura*, a súa dimensión pitagórica, a súa mística. [...] A ferralla é unha escritura, a parte lexible dunha linguaxe complexa. E diríase que a función do artista que se serve dela para construír as súas obras é, en primeiro lugar, a de inscribir esa linguaxe no discurso xeral das ideas, a de fundila no máis específico da reflexión estética, e situala no territorio da produción artística circundante”.

Ángel Cerviño e Alberto González-Alegre, *Carlos León. Apolo e Dioniso fan quedas en Delfos*

## AS OBRAS

**CACTUS.** O crítico de arte David Barro, no ensaio titulado “Unha poética do fráxil”, escribe que a obra de León é “algo así coma un anhelo, coma un suspiro a piques de esvaerse pero que a pintura conxela”. Tomo como punto de partida as pinturas en negro e gris tituladas *El topiario de Perséfone (versión negra) III e IV* de 1999. Barro escribe: “As súas pinturas negras de finais dos noventa funcionan como un primeiro plano da axitación dun Turner, como un momento cargado de pesadume que, próximo ao final, servirá finalmente para partir cara a outro lugar”. Para min, a obra de León vibra cunha especie de tensión superficial: arremuíñase e móvese cunha inconcibible profundidade que supera a materialidade do cadro estendéndose máis alá das catro esquinas.

As imaxes parecen expandirse e contraerse, suxerindo que hai algo máis alá da imaxe que non conseguimos ver pero cuxa presenza podemos sentir. As pinturas son táctiles para os ollos. A obra de Carlos León está chea de friccións, interferencias e *clusters*. A miña exploración sonora da súa obra emprega unha restrinxida colección de materiais: sons percutidos, lixeiramente perceptibles na súa altura, e notas longas. Como interactúan estes materiais máis alá da súa materialidade?

As diferenzas de timbre entre as voces e como deben ser interpretadas, os niveis de sons con altura definida ou non definida crean unha marxe de textura que vai do duro e conciso, ao difuso e granular. As alturas interactúan entre si con graos de cohesión e interferencia, creando varios patróns de pulsación que se moven e xiran ao redor da sala e no oído interno. Isto altera a percepción do espazo e a forma en que poden moverse, dilatarse e contraerse, con independencia da sala nese momento. As vibracións na miña obra compórtanse de maneira similar ás vibracións da obra de León neste sentido.

Lou Michelle

**CRATERE.** Esta peza, escrita en 2014 para Vertixe Sonora Ensemble, é a visión dunha fenda no chan, das profundidades, dun lugar illado, coma un útero. As cordas afróuxanse como tendóns e ténsanse deformando o son e perdendo a súa natureza metálica a través dun fluxo continuo de ondas e de capas (*gaseoso, líquido, sólido*). Ao longo da composición asume un papel central a *panca de vibrato*, que permite, precisamente, a deformación das cordas, e por tanto, do son.

Lorenzo Troiani

**NUDO.** *Nudo*, pertence a a unha serie de pequenos interludios, nos que acordeón e cinta deseñan un novo elemento de natureza homoxénea, onde o instrumento, a fonte sonora acústica, funciona como unha *cor harmónica* ou un *coloreador*, creando unha nova xeometría sonora.

**BRUSHES.** O seu título en inglés, que pode significar *pinceis, brochas* ou *vasoiras* de percusión, refírese ao universo en que se inspira a pintura. A peza está construída como un gran lenzo no que varios procesos entrelazados nos levan desde o principio dun trazo (fregado coa materia, bosquexo, xesto rápido), até a xestación de formas e a emerxencia de cores e texturas. Por veces, guitarra e saxofón forman unha mesma ferramenta: xesto rápido de pincel ou carbón; outras sepáranse para seren pincel e lenzo, ou brocha e cor.

A música está dividida en tres movementos (A, B, C) e unha coda, que deben enlazarse sen pausa. Cada movemento flutúa entre dous procesos, cada un con tempo e materiais distintos (B e C están divididos en dúas partes, onde se inverte a orde rápido-lento). Estes procesos vanse entrecruzando e modificando mutuamente, creando un *lenzo* global que vai desde trazos ruidosos até texturas harmónicas.

Santiago Quintáns

**MITTEL UND ZWECHE (BOULEVARD).** O título, traducido como *Medios e fins* ou *Medio e fins*, onde o substantivo alemán *Mittel* equivale tanto ao singular coma ao plural do galego *medio*, refírese á sintaxe da composición. Os materiais que conforman o son e a estrutura da peza colócanse en diferentes correlacións. Os seus parámetros, con todo, obteñen diferentes resultados musicais.

Un bulevar a miúdo é o resultado de menosprezar a fortificación dun pobo: ao perder o seu bastión, aparece un novo espazo libre, que historicamente se adoita empregar para a construción de novas rúas ou estradas de circunvalación. Esta composición foi pensada para durar ao redor de trinta e cinco minutos. Acadou finalmente vinte longos minutos de duración. A partitura foi *desprezada*, por así dicilo, perdeu a súa primeira *fortificación formal*, e gañou a súa estrutura formal actual e a súa aparencia material específica.

En termos de cromatismo e textura, poderíase imaxinar unha estreita correspondencia da obra de Carlos León con esta música.

## OS COMPOSITORES

**Michelle Lou.** Estados Unidos, 1975. Estudou Interpretación e Composición na Universidade de California, San Diego, e Composición na Universidade de Stanford. Completou a súa formación no Conservatorio de Música de Piacenza, en Italia, e na Universidade de Música e Artes Performativas de Graz, Austria, cunha bolsa Fulbright.

En 2012 foi seleccionada como primeira finalista no concurso de composición organizado polo JACK Quartet, e recibiu a bolsa Radcliffe da Universidade de Harvard no curso 2013/14.

Como intérprete, colaborou con varias orquestras e grupos de cámara de música clásica e contemporánea, chegando a interpretar salsa, jazz latino e improvisación libre.

Traballou, entre outros, con Graeme Jennings, sfsound, Doug Beavers, Arneis Quartet, Talea Ensemble e Hotel Elefant, e actuou no Beijing Modern Music Festival, MATA Festival, o Qubit Noise Non-ference e Mikrofest en Berlín. Entre os seus mestres destacan Bert Turetzky, Mark Dresser, Leonardo Colonna e Bruce Moyer (contrabaixo) e John Dornenburg (viola da gamba).

A música desta baixista e compositora foi interpretada por *ensembles* como Cuarteto Arditti, Ensemble Ascolta, Ensemble SurPlus, Argento Chamber Ensemble, sfsound, Earplay, San Francisco Contemporary Music Players, Talea Ensemble e JACK Quartet. O seu traballo presentouse en eventos como o Donauessinger Musiktage, Wien Modern, Festival MATA, a Academia Schloss Solitude, os cursos de verán do Internationales Musikinstitut Darmstadt e o Festival of New American Music. [www.michellelou.com](http://www.michellelou.com)

**Lorenzo Troiani.** Italia, 1989. Estudou Composición con Rosario Mirigliano e Salvatore Sciarrino. Asistiu a cursos, seminarios e clases mestras con músicos e compositores que lle axudaron a atopar unha vía persoal de pensamento (B. Furrer, S. Sciarrino, M. Andre, P. Billone, D. Przybylski, M. Trojahn, P. Manoury, A. Solbiati, J. M. López López, F. Filidei e S. Gervasoni, entre outros).

Recibiu premios en numerosos concursos internacionais (Alemaña, Italia, China, Escocia, Lituania, etc.), entre eles o Goffredo Petrassi (2010), o Oliviero Fusi (2011), o G.E.R.M.I. (2011), o 8th Chengdu China Sun River Prize (2012), o Wār' ich ein Ton - Jean Paul 2013 (2012-2013) e o Joan Guinjoan (2013).

A súas obras foron interpretadas por formacións de prestixio internacional como Neue Vocalsolisten, Curious Chamber Players, L'Arsenale Ensemble, Quartetto Prometeo, Divertimento Ensemble, PMCE Ensemble ou IzM Ensemble en diferentes partes do mundo (Alemaña, Austria, Inglaterra, Irlanda, Escocia, Chipre, Lituania, Estonia, Canadá, etc.).

A súa música está profundamente marcada por influencias extramusicais como a poesía de Paul Celan e Friedrich Hölderlin, os escritos e as obras de Paul Klee ou a filosofía de Jacques Derrida e Martin Heidegger. Matriculouse na Facultade de Filosofía e asistiu a cursos, seminarios e clases maxistras con Giacomo Marramao, Roberto Finelli, Elio Matassi, Simona Gasparetti Landolfi e Riccardo Chiaradonna entre outros.

Licenciouse en Filosofía no curso 2009/10 cunha tese sobre a relación estético-ontolóxica en Paul Klee. Na actualidade estase a especializar no desenvolvemento do pensamento ontolóxico a partir de Nietzsche, especialmente en relación co pensamento dos filósofos presocráticos. <https://soundcloud.com/lorenzo-troiani>

**Andres Nuño de Buen.** México, 1988. Licenciado en composición con Wolfgang Rihm na Escola Superior de Música de Karlsruhe, formouse tamén con Alejandro Romero e José Luis Castillo na Escola Superior de Música do Instituto Nacional de Belas Artes de México entre os anos 2008 e 2011, así como nos Cursos Internacionais de Novas Músicas de Darmstadt (en 2010 e 2012, respectivamente) e no Experimentalstudio da Academia Matrix13 da SWR en Friburgo (2013). <http://andresnunodebuen.flavors.me>

**Santiago Quintáns.** Vigo, 1975. Instalouse nos Estados Unidos en 1995. Alí estudou Guitarra, Jazz e Composición na Universidade de Miami e comezou unha carreira internacional acompañando a Kenny Wheeler e Maria Schneider, entre outros. En 2013, o seu interese pola música moderna impulsouno a viaxar a París, onde participou como compositor e intérprete en diversas estreas de música contemporánea como *Seven*, de Peter Eötvös, co director Mark Foster. Desde 2006 realiza un traballo de investigación, amplamente divulgado en conferencias e artigos para revistas de musicoloxía (*Appareil, JIM, Espacio Sonoro*), sobre a